



redacción > ferrol

O investigador ferrolán Juan J. Burgoa presentou onte no Toxos e Froles o seu traballo “El Marqués de Amboage Ramón Plá y Monge. Un ilustre ferrolano”. O acto contou coa presentación do alcalde José Manuel Rey Varela, así como do presidente do Real Coro Toxos e Froles, Arturo Lamas, e do profesor Eduardo Fra Molinero, quen comentou as características do libro e da figura do ilustre benfeitor. Tras destacar que a edición do volume se debía a el mesmo, Fernando Bores e a Central Librera, Burgoa contou que o Marqués de Amboage foi “un adiantado do tema da xustiza social, cedendo un terzo da súa fortuna á súa cidade, da que saíu con 17 anos e só volveu unha vez”. O investigador quixo deixar claro que a sona de escravista de Plá era infundada: “El fixo cartos en Cuba e logo máis en Madrid, pero non tivo que ver con escravos, caso contrario ao seu irmán, que si os tivo nun enxeño azucreiro”. Xa antes, no Concello de Ferrrol, o alcalde recibiu ao bisneto do Marqués de Amboage, Juan Ramón Plá y Crespi de Valldaura, que tamén quixo estar no acto sobre o seu ascendente.